ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CHAN DO MONTE
CURSO: AC1
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Resultados de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Resultado de aprendizaxe
CA1.2 Identificouse a idea principal da mensaxe. CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio oral.	RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.
CA1.4 Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos da vida profesional e cotiá. CA2.2 Léronse comprensivamente textos sinxelos. CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito da área profesional a que se refira.	RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.
CA3.2 Comunicouse utilizando fórmulas, nexos e estratexias de interacción. CA3.4 Describíronse feitos breves e imprevistos relacionados coa profesión.	RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.
CA4.1 Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e profesionais.	RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.
CA5.2 Describíronse e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.	RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: traballo do alumnado na aula virtual (cuestionarios, redaccións, gravacións de audio, probas con tempo limite, etc.) e durante as sesións de videoformación vía Webex.
	Instrumentos: observación do traballo do alumnado e proporción de feedback e correccións de todo o seu traballo entregado. No caso das actividades de expresión oral e escrita, utilizaranse as rúbricas que xa se utilizaran nos trimestres anteriores.
Cualificación final	Realizarase a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. A esta media engadirase ata 1 punto polo traballo realizado durante o 3º trimestre.
Proba final de xuño	No caso do alumnado suspenso, que non foi quen de recuperar a materia ao longo do terceiro trimestre a través das actividades propostas, poderá presentarse a un exame por vía telemática (se as circunstancias impiden que sexa presencial) na que será avaliado das catro destrezas.
Alumnado de materia pendente	O alumnado que teña a materia pendente deberá realizar un exame de resposta múltiple sobre os contidos da materia (80%) e un traballo (20%).

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Durante a primeira parte do trimestre ofreceranse actividades de reforzo das catro destrezas a través da plataforma virtual Edmodo e consultaranse dúbidas nas sesións de videoformación a través da plataforma de Webex. Durante o resto do trimestre, ampliarase con contidos que sexan relevantes para a formación do alumnado como a redacción de currículums vítae, cartas de presentación ou práctica de entrevistas de traballo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	No caso deste grupo, todo o alumnado conta con conectividade, polo que os contidos estanse a impartir mediante a plataforma virtual Edmodo, onde se traballa mediante asignacións semanais. O alumnado entrega ditas asignacións e recibe as correccións e o feedback por parte do profesor nesa mesma plataforma. Tamén se garda un rexistro das actividades que cada alumno vai entregando e a nota que obtiveron en cada unha delas. Para promover unha maior interacción co profesor, o alumnado ten tamén á súa disposición unha sesión de videoformación semanal onde se explican os contidos novos e se realizan prácticas de ditos contidos, ademais de resolver dúbidas que quedaran pendentes desa semana.
Materiais e recursos	Como xa se mencionou nos apartados anteriores, os principais recursos utilizados son Edmodo e Webex. No tocante ós materiais, continuase a traballar co libro de texto e cos materiais de creación propia por parte do profesor.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Aviso por Abalar para chegar ás familias no caso dos estudantes menores de idade. Aviso tamén a través da plataforma de videoconferencia de Webex.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.